



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 16 de setembro de 2022 (1289/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta minutos do día dezaseis de setembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(769)- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(770).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE INCORPORACIÓN DE PLANOS E AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO” . EXPTE. 10874/307.**

Dáse conta do informe-proposta de data 16/09/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Contratación, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico e conformado pola titular de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 25 de agosto de 2022, a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo. O proxecto das obras fora aprobado na sesión do 4 de agosto de 2022.

**Segundo.-** O 26 de agosto de 2022 publicouse o anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

**Terceiro.-** Aberto o prazo para a presentación de ofertas, requiriuse a seguinte información na data 1 de setembro de 2022, dentro do prazo sinalado na cláusula 11.3 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (“*As aclaracións e documentación poderán solicitarse ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas*”):

*“En la documentación gráfica del proyecto solo figuran los planos hasta el nº14. ¿Nos podrían facilitar los planos que falta de estructura e instalaciones?”*

O Servizo de Contratación deu traslado desta solicitude ao servizo xestor.

**II.- DO REQUIRIMENTO DE INFORMACIÓN**

En relación co requirimento de información os redactores do proxecto das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno local 4 de agosto de 2022, informaron con data do 16 de setembro de 2022 o seguinte:

*“En relación á solicitude relativa a estrutura e instalacións, infórmase que a documentación do proxecto de “MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO EN VIGO” contén toda a información necesaria para poder formular unha oferta xa que se trata dun proxecto completo, en concreto a información relativa a:*

*Estructura: Atópase valorada no capítulo CFC02 CIMENTACIÓN E ESTRUTURAS dos orzamentos e descrito na memoria descritiva do proxecto.*



## Concello de Vigo

*Instalacións: Atópase valorado no capítulo CFC08 INSTALACIÓNS dos orzamentos e descrito na memoria descritiva do proxecto. No apartado I.2.4.6, atópase un esquema da iluminación da senda peonil, coas posicións, así como imaxes e ubicación das luminarias. O proxecto tamén contén un anexo de xustificación de cálculos luminotécnicos (I.1.6.5 de los anexos), onde se describe a solución proposta, cos cálculos lumínicos e os tipos de luminarias proposta.*

*En calquera caso, trasládase a documentación gráfica para poder aclarar as dúbidas referentes á execución das mencionadas obras de instalacións e estruturas xa incluídas no proxecto de licitación”.*

Previo informe do 16 de setembro de 2022 da arquitecta técnica municipal, quen informou e revisou o proxecto e responsable do contrato, na mesma data, a xefa do servizo de Patrimonio histórico e a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, emitiron o seguinte informe:

### *“ANTECEDENTES*

*I.- A Xunta de Goberno local en sesión do 04.08.2022 acordou:*

*“Aprobar o proxecto de “Musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo,” redactado polos arquitectos Perfecto Cendón Domínguez e Francisco Javier Vázquez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO DEZANOVE MIL SETECENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS ( 1.119.745,11 €EUROS) de xullo de 2022 e data de sinatura dixital do 28 de xullo de 2022.”*

*II.- Posteriormente, en sesión do 25.08.2022, a Xunta de Goberno local acordou:*

*“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO, segundo proxecto redactado polos arquitectos Perfecto Cendón Domínguez e Francisco Javier Vázquez Fernández.*

*2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación do 29.07.22) con data 12 de agosto de 2022.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.119.745,10 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3360.619.00.10 “MUSEALIZACIÓN POSTA EN VALOR FORTALEZA CASTRO” co proxecto asociado 22336010 e coa seguinte distribución de anualidades (con IVE):*

- 2022: 559.872,55 euros*
- 2023: 559.872,55 euros*

*4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

*III.- Publicado na Plataforma de contratos do sector público a convocatoria, o 2 de setembro, recíbese petición de aclaración sinalando que na documentación*

gráfica do proxecto somentes figuran os planos ata o nº14, e solicitando os planos de estrutura e instalacións.

IV.-En data 16.09.2022, a arquitecta técnica municipal , quen informou e revisou o proxecto e responsable do contrato, emite o seguinte informe:

“En relación coa consulta relativa a estrutura e instalacións infórmase que a documentación do proxecto “MUSEALIZACIÓN PARA A POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO NA DEFENSA DE VIGO”, contén toda a información necesaria para poder presentar unha oferta, como se pode comprobar no seu contido:

- estrutura: valorada no orzamento en capítulo CFC02, descrito na memoria descritiva en anexo I.1.6, representado graficamente en planos 7.02 a 8.06.
- instalacións: valorada no orzamento en capítulo CFC08, descrito na memoria descritiva e anexo I.1.6, así como esquema de iluminación no anexo I.2.4.6

#### CONCLUSIÓN:

A documentación gráfica solicitada, non supón a modificación do proxecto de “MUSEALIZACIÓN PARA A POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO NA DEFENSA DE VIGO”, sendo por tanto aclaratoria para a definición do mesmo.”

Á vista destes antecedentes, emítese o seguinte

#### INFORME

##### I.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro , de Contratos do Sector Público, e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos , preceptos de aplicación supletoria
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Prego de cláusulas administrativa particulares do contrato aprobado pola Xunta de Goberno local en data 25.08.2022
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación.

##### II.- Sobre o requerimento de información complementaria e aclaración de dúbidas

O artigo 138.3 LCSP establece que os órganos de contratación proporcionarán a tódolos interesados, a mais tardar seis días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e



## Concello de Vigo

*demais documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a tivesen pedido doce días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións, ágas que nos pregos se tivera establecido un prazo distinto.*

*Este prazo non se altera no prego de cláusulas administrativas, pois na súa cláusula 11 apartado 3 determina que con carácter previo á presentación da documentación, os licitadores poderán solicitar aclaración de dúbidas sobre os pregos e a documentación complementaria.*

*As aclaracións e documentación poderán solicitarse ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas. Estas serán contestadas polo órgano de contratación, mediante respostas que terán carácter vinculante e serán publicadas no perfil do contratante como máximo 6 días antes da finalización do citado prazo.*

*Como quiera que o prazo de prestación de proposicións remata o 21 de setembro, a petición de documentación ten sido formulada en prazo, restando neste tempo a resposta da administración municipal que esixe pronunciamento do órgano de contratación.*

*Segundo informe técnico reproducido, os planos de estrutura e instalacións complementan á información que se atopa recollida no proxecto completo de "MUSEALIZACIÓN PARA A POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO NA DEFENSA DE VIGO", como se pode comprobar en canto á estrutura: valorada no orzamento en capítulo CFC02, descrito na memoria descritiva en anexo I.1.6, representado graficamente en planos 7.02 a 8.06; instalacións: valorada no orzamento en capítulo CFC08, descrito na memoria descritiva e anexo I.1.6, así como esquema de iluminación no anexo I.2.4.6.*

*En consecuencia, a documentación gráfica solicitada o 2 de setembro, non supón a modificación do proxecto de "MUSEALIZACIÓN PARA A POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO NA DEFENSA DE VIGO", sendo por tanto aclaratoria para a definición do mesmo.*

*Como quiera que esta documentación aclara o contido do proxecto, debe ser incorporada ao mesmo, e co fin de respetar o disposto no artigo 138.3 LCSP ("os órganos de contratación proporcionarán a todos os interesados no procedemento de licitación, a máis tardar 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten", e por seguridade xurídica, é necesario e oportuno para a o interese público que os licitadores dispoñan da información complementaria (artigo 138 LCSP coma na cláusula 11 PCAP).*

### CONCLUSIÓN

*Solicítase ao departamento de Contratación que se formule única proposta ao órgano de contratación pola que se acorde:*

*I.- A incorporación dos planos de estruturas e instalacións números 15 ao 18*

*referidos no índice do proxecto de MUSEALIZACIÓN PARA A POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO NA DEFENSA DE VIGO aprobado pola Xunta de goberno local en sesión do 4 de agosto de 2022*

*II.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas para a selección do contratista da obra de MUSEALIZACIÓN PARA A POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE O CASTRO NA DEFENSA DE VIGO en seis días, polo que o prazo de presentación de ofertas finalizará ás 23.59 horas do día 27 de setembro”.*

### **-III-**

#### **Da ampliación dos prazos de presentación de ofertas**

O artigo 136.2 da LCSP establece a obriga dos órganos de contratación de ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas en dous supostos:

- Cando por calquera razón os servizos dependentes do órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación consonte ao previsto no artigo 138 da LCSP.
- No caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

E determina que se considera modificación significativa dos pregos. Esta será a que afecte os seguintes extremos:

- A clasificación requirida
- O importe e o prazo do contrato
- As obrigas do adxudicatario
- O cambio ou a variación do obxecto do contrato

E con relación coa duración da prórroga determina que esta será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado.

No caso que nos ocupa solicitouse información dentro dos 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas previsto na cláusula 11.3 do PCAP pero non se facilitou coa antelación esixida no artigo 138.3 da LCSP e na cláusula 11.3 prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación (“*As aclaracións e documentación poderán solicitarse ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas. Estas serán contestadas polo órgano de contratación, mediante respostas que terán carácter vinculante e serán publicadas no perfil de contratante como máximo 6 días antes da finalización do citado prazo. No caso de que o procedemento sexa urxente este último prazo reducirase a 4 días*”).

En consecuencia, se ben nos informes citados se indica que o proxecto contén toda a información necesaria para poder formular unha oferta, para unha maior seguridade xurídica e con pleno respecto dos principios de igualdade e concorrencia no procedemento de licitación, cómpre ampliar o prazo de presentación de ofertas en 6 días que é o prazo proposto polo Servizo de Patrimonio Histórico ao entender que



## Concello de Vigo

*“esta documentación aclara o contido do proxecto, debe ser incorporada ao mesmo, e co fin de respetar o disposto no artigo 138.3 LCSP (“os órganos de contratación proporcionarán a todos os interesados no procedemento de licitación, a máis tardar 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten”, e por seguridade xurídica, é necesario e oportuno para a o interese público que os licitadores dispoñan da información complementaria (artigo 138 LCSP coma na cláusula 11 PCAP)”. Por iso se entende proporcionado ampliar en 6 días o prazo de presentación de proposicións, debendo rematar o 27 de setembro de 2022 ás 23:59 horas.*

### **IV.- CONCENTRACIÓN DE TRÁMITES**

O artigo 72 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2022 prevé que, de acordo co principio de simplificación administrativa, se acordarán nun só acto todo os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.

### **V.- ÓRGANO COMPETENTE**

A competencia para a aprobación dos planos nº 15, 16, 17 e 18 do proxecto e a ampliación de prazos corresponde á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación.

No entanto, a competencia para a aprobación da ampliación de prazos foi delegada na concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local do 5 de setembro de 2019. En consecuencia, cómpre a avocación deste asunto concreto na Xunta de Goberno local ao abeiro do previsto no artigo 10 da ley 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

### **VII.- PROPOSTA DE ACORDO**

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

- *“Aprobar a incorporación dos planos nº 15, 16, 17 e 18 no proxecto das obras de “MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO” que se publicarán no perfil de contratante co obxecto de dar resposta ao requirimento de información formulado o 1 de setembro de 2022.*
- *Avocar para este asunto concreto a competencia delegada na concelleira de Contratación o 5 de setembro de 2021 para ampliación de prazos de presentación de proposicións.*
- *Ampliar o prazo de presentación de proposicións en 6 días, debendo rematar ás 23:59 horas do 27 de setembro de 2022.*

- *Publicar estea acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.*
- *No suposto de que se tivera presentado algunha proposición nesta licitación, o/s licitador/es poderá/n presentar outra que será a que se teña en conta. De non facelo, entenderase que mantén/ñen a proposición xa presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez